



# MALPICA. Contorna da praia de San Miro

Adela Leiro, Mon Daporta  
xullo 2019



Distancia: 3 km, ida e volta

Dificultade: media



Un pequeno tramo da costa leste de Malpica, protexida dentro do LIC e ZEPA "Costa da Morte" pola importancia dos hábitats costeiros, da flora, da xeoloxía e da paisaxe.

Na costa leste de Malpica é imposible facer un percorrido continuo polo abrupto do relevo, altos cantís separados por vales fondos e estreitos polos que escoan cara ao mar, en forma de minguados regueiros, as augas dos arredores; pero con numerosos e interesantes espazos puntuais aos que é posible acceder desde as localidades máis próximas, polos que se poden completar curtas camiñadas de ida e volta e variado interese.



Furna das Grallas ou Monte Furado na punta Falsa



Praia de San Miro e punta Falsa

## .PERCORRIDO

Na estrada de Malpica a Carballo chegamos a unha rotonda na que temos á dereita a saída a Buño e do outro lado a saída a Cambre. Collemos a saída de Cambre e desde a localidade xa atopamos indicadores que por unha estrada estreita nos conducen sen perda á praia de San Miro, un areal recollido, ao que se achegan moitas persoas para gozar dun día de lecer, nun seo no que desauga en fervenza o rego de San Miro, e aproveitar, a maiores, para coñecer a súa contorna máis achegada na que se atopan outros lugares de interese pola súa curiosidade ou atractivo, como as panorámicas da costa, o illote de San Bartolomeu, e o burato da furna das Grallas. Vindo de Cambre, cando chegamos enfronte do mar, case á beira, pero a máis 50 metros sobre o nivel, a estrada fai unha curva á esquerda para baixar á praia, na entrada da curva hai un camiño á dereita que nos permite ir a unha zona desde a que, por un carreiro, nos achegamos ao pé do **illote de San Bartolomeu** e temos unha boa vista dos cantís da **punta Falcoeira**; e no remate da mesma curva, desde onde se abrangue un bo tramo do litoral, a localidade de Malpica e as illas Sisargas, hai un carreiro que baixa á **punta Falsa** polo que nos achegamos ao burato da parte alta da **Furna das Grallas** ou **Monte Furado**, un impresionante afundimento, con paredes de ata 30 m de altura, que se produciu ao derrubarse o teito dunha cova, que ten dúas saídas ao mar, ao que é posible acceder coa marea baixa. No remate do asfalto temos o acceso, acondicionado, á **praia de San Miro**, unha pasarela con tramos de escaleira, debaixo da que se acolle unha abundante poboación dun fento pouco común que só se atopa en lugares húmidos e sombrizos, e á esquerda da baixada, xa no areal, atópase a fervenza, minguada en caudal en tempo de seca, pero igualmente interesante e fermosa, que cae nas rochas da parte baixa do cantil, onde forma un pequeno pozo.



O Angueiro e o illote de San Bartolomeu

Vista da praia de San Miro e da costa ata Malpica





Fervenza no rego de San Miro



Praia de San Miro



Punta Falsa coa Cova das Grallas



Cova das Grallas ou Monte Furado